

A protección da saúde dos traballadores  
fronte ao ruído ambiental.  
A propósito dunha sentenza do  
Tribunal de Xustiza da Unión Europea  
de 19 de maio de 2011  
(asuntos C-256 e C-261/10)

*Health protection of workers against noise nuisance.  
With regard to a sentence of the Court of Justice  
of the European Union 19 May 2011  
(affairs C-256 and C-261/10)*



LUIS FERNANDO DE CASTRO MEJUTO

Maxistrado especialista da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e doutor en Dereito

**Resumo**

Este comentario trata dunha recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en que se determina que, conforme á Directiva 2003/10/CE, de 6 de febreiro, o cómputo da exposición máxima ao ruído dos traballadores nos seus postos (85 dB) ha de facerse sobre a exposición real, sen que se poida reducir o devandito límite en consideración ao emprego de elementos protectores.

**Palabras chave:** saúde laboral, ruído, exposición real, prevención de riscos.

**Abstract**

*This comment is about a recent judgment of the Court of Justice of the European Union which determines that, according to the Directive 2003/10/EC, February 6th, the computation of the maximum noise exposure of workers in their jobs (85dB) has to be done on the real exposure, and this limit cannot be reduced in consideration to the use of protective elements.*

**Keywords:** *labour health, noise, real exposition, risk prevention.*

1. A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) de 19 de maio de 2011, ditada nos asuntos acumulados C-256/10 e C-261/10 e derivada dos procedementos entre os Sres. Barcenilla e Macedo contra a empresa Gerardo García SL, veu modificar unha liña xurisprudencial española sobre a prevención de riscos laborais e a protección da saúde acústica no posto de traballo, que entendía que non existe penosidade<sup>1</sup> cando unha protección auditiva individual permite reducir o ruído que chega ao oído a un nivel inferior aos 80 dB, ou noutras palabras, que a valoración do ruído ambiental debe facerse despois de aplicados os protectores auditivos, de tal forma que o nivel de ruído se valora subxectivamente (polo que reciben os traballadores) e non de forma obxectiva (polo ambiental).

Agora, o TXUE rabena a devandita liña e impón que, en aplicación da Directiva 2003/10/CE, de 6 de febreiro, a cuantificación do ruído teña que facerse antes da aplicación dos medios individuais de protección, criterio que era o imperante no Tribunal Supremo até finais do ano 2009.

O marco fáctico desta resolución é o seguinte:

- a) A actividade da empresa Gerardo García SL, empregadora dos demandantes, consiste en fabricar materiais de pedra a partir de pedra natural.
- b) Os traballadores prestan servizos habitualmente nunha máquina cortadora automática, que xera un ruído moi importante.
- c) Nas súas xornadas laborais, o nivel de ruído nos seus postos de traballo supera a media diaria de 85 dB.
- d) Para paliar a devandita situación, a empresa entregoulles un equipo de protección auditiva individual.
- e) Coa atenuación proporcionada polo devandito equipo, a exposición diaria ao ruído dos demandantes reduciuse a un nivel inferior aos 80 dB.
- f) Os dous traballadores reclaman o pagamento dun complemento salarial, conforme ao artigo 27 do convenio colectivo aplicable, debido á penosidade do seu posto de traballo por estaren expostos a un nivel de ruído que supera a media diaria de 85 dB (suposto habilitante para a súa percepción).

<sup>1</sup> Todos estes asuntos, mesmo de discutirse un concepto moito máis importante –a saúde laboral– e de teren máis transcendencia que o económico, refírense ao cobramento do *plus* de penosidade.

g) As súas demandas foron desestimadas inicialmente polo Xulgado do Social, que considerou que a entidade Gerardo García SL respectaba o Real decreto 286/2006, polo que se traspón a Directiva 2003/10/CE. Ao seu entender, debe terse en conta o efecto de atenuación do ruído proporcionado polo equipo de protección auditiva individual para determinar se as condicións do posto de traballo han de considerarse penosas.

h) Os dous actores recorreron en suplicación esta resolución ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León.

i) Este órgano reconece que a desestimación polo Xulgado do Social das pretensións dos demandantes é conforme á xurisprudencia do Tribunal Supremo<sup>2</sup>, porque segundo esta debe terse en conta a atenuación do ruído proporcionada polo equipo de protección auditiva individual para determinar se os traballadores están expostos a condicións penosas no seu posto de traballo.

Así mesmo, deduce na interpretación do concepto de «penosidade», que as normas comunitarias e a súa transposición teñen por finalidade protexer os traballadores dos riscos sanitarios relacionados cunha exposición real ao ruído, polo que non existirá penosidade cando unha protección auditiva individual permita reducir o ruído que chega ao oído a un nivel inferior aos 80 dB.

j) Ao tempo, o Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León considera dubidosa a compatibilidade desta xurisprudencia coa Directiva 2003/10 citada e formula tres cuestións prexudiciais, que –para o que interesa– pretenden dilucidar se o nivel de exposición ao ruído cómpre medilo sen ter en conta os efectos dos protectores auditivos ou, pola contra, abonda coa entrega deses protectores para cumprir as esixencias preventivas da Directiva cando atenúen o ruído percibido polos traballadores e o sitúen por debaixo dos 85 dB.

2. O miolo xurídico da cuestión resólvese nos números 28 a 34 da sentenza agora analizada, onde se lembra que a Directiva 2003/10 establece unha xerarquía entre as obrigas que lles incumben aos empresarios, de tal forma que a primeira obriga consiste en que deben, en virtude do artigo 5, epígrafe 2, da devandita directiva, executar un programa destinado a reducir a exposición ao ruído cando os traballadores estean expostos a un nivel de ruído que supere os 85 dB(A) «medido sen ter en conta os

<sup>2</sup> Véxanse as sentenzas do Tribunal Supremo de 25 de novembro de 2009 nos recursos de casación para a unificación da doutrina 556, 558 e 559/09, que deron lugar ao xiro interpretativo.

efectos da utilización de protectores auditivos individuais». Só no caso de que este programa non permita reducir tal exposición ao ruído, o artigo 6 da Directiva 2003/10 establece a obriga suplementaria de pór á disposición dos traballadores protectores auditivos individuais. Finalmente, o artigo 7 desta directiva sinala obrigas específicas para o suposto de que o emprego dos protectores auditivos individuais non permita evitar que se superen os valores límite de exposición.

Resulta así, do teor claro e da sistemática xeral destas disposicións, que os empresarios non cumpren coas obrigas establecidas no artigo 5, epígrafe 2, da Directiva mediante a simple entrega aos traballadores de protectores auditivos individuais, pois deben aplicar un programa destinado a reducir a exposición cando os traballadores estean sometidos a un nivel de ruído que supere os 85 dB, medidos sen ter en conta os efectos da utilización de protectores auditivos individuais.

Esta interpretación da norma comunitaria queda reforzada polo feito de que a Directiva 2003/10 se basea nun concepto de prevención que implica que os riscos deben reducirse con prioridade na súa orixe e as medidas de protección colectiva ter prioridade sobre as medidas de protección individual. Por tanto, o Tribunal europeo conclúe no sentido de que un empresario ou unha empresaria na empresa cuxo nivel de exposición diaria dos traballadores ao ruído sexa superior a 85 dB, medido o ruído sen se teren en conta os efectos do uso de protectores auditivos individuais, non cumpre coas obrigas derivadas da referida directiva mediante a entrega aos traballadores de protectores auditivos que permitan reducir a exposición diaria ao ruído a un nivel inferior aos 80 dB. Xa que logo, este empresario ou esta empresaria ten a obriga de aplicar un programa de medidas técnicas ou de organización destinado a reducir a exposición ao ruído a un nivel inferior aos 85 dB, medidos sen ter en conta os efectos da utilización de protectores auditivos individuais.

Esta conclusión corrixe a doutrina xurisprudencial española, xa citada na epígrafe anterior, que daba un xiro copernicano sobre a saúde nos postos de traballo, fronte á anterior de valoración do ruído ambiental medido sen elementos atenuadores. O argumento empregado por esa liña inicial –fixada por sentenzas do Tribunal Supremo de mediados dos noventa<sup>3</sup>– fundábase en que o nivel sonoro determinante da aplicación

<sup>3</sup> Véxanse as sentenzas do Tribunal Supremo de 6 de outubro de 1995, recurso de casación para a unificación da doutrina 589/95; de 6 de novembro de 1995, recurso de casación para a unificación da doutrina 547/95; de 19 de xaneiro de 1996, recurso de casación para a unificación da doutrina 597/95; e de 12 de febreiro de 1996, recurso de casación para a unificación da doutrina 488/95.

do complemento de penosidade debería establecerse no existente antes da aplicación dos equipos de protección individual, cuxo uso continuo proporciona indubidables molestias de maior ou menor intensidade, segundo as características das medidas protectoras e a personalidade do/a traballador/a. A agora emendada xurisprudencia<sup>4</sup> xustifica o cambio de orientación nunha finalidade preventiva á cal está ligada de xeito inevitable o avance da técnica e da ciencia, porque se opta decididamente polo criterio do ruído real, é dicir, o que chega ao oído, para decidir se o posto é ou non penoso por ese motivo, tendo en conta que «o posto de traballo obxectivamente contemplado non é en si mesmo penoso nin tampouco o sería se fose servido por un robot ou mesmo por unha persoa completamente xorda»<sup>5</sup>).

De feito, pronúnciase de xeito expreso sobre as dúbidas manifestadas polo órgano xurisdiccional remitente acerca de se as obrigas preventivas, que teñen por obxecto reducir na medida do posible a exposición ao ruído na súa orixe mediante a execución dun programa de medidas técnicas ou de organización, se inscriben dentro da finalidade da Directiva 2003/10 de protexer a saúde dos traballadores, porque –en definitiva– do que se trata é de que o dereito nacional se interprete de forma que permita aos traballadores invocar efectivamente o cumprimento, por parte dos correspondentes empresarios, de todas as obrigas preventivas establecidas por esa norma comunitaria.

**3.** O criterio imposto, e sobre todo a modificación da liña xurisprudencial<sup>6</sup> que se instalara no noso país sobre o cómputo –que podería denominarse subxectivo, ao se pretender que o nivel de ruído tivese en conta a minoración resultante da aplicación

<sup>4</sup> Sobre o particular, véxase SEMPERE NAVARRO, A. V. (2010) «Mucho ruido y pocas... retribuciones» *Aranzadi Social* 5 (BIB 2010/1229).

<sup>5</sup> Así no fundamento xurídico 5.2 da Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de novembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 556/09.

<sup>6</sup> Reflexo das tres sentenzas do Tribunal Supremo de 25 de novembro de 2009, recursos de casación para a unificación da doutrina 556, 558 e 559/09, ditadas en sala xeral, mais con voto particular de sete maxistrados. Estas sentenzas víronse despois repetidas en numerosas posteriores: para todas, sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de novembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 577/09; de 27 de novembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 567/09; de 30 de novembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 562/09; de 2 de decembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 571/09; de 11 de decembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 572/09; de 21 de decembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 564/09; de 21 de decembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 557/09; de 21 de decembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 569/09; e de 21 de decembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 570/09.

de protección auditivas (tapóns, orelleiras, cascos insonorizadores etc.)— e que viñera alterar a doutrina anterior, revélase transcendente non só polo cobramento do *plus* en diversos sectores empresariais en que os traballadores están sometidos a un ruído constante<sup>7</sup> (cantaría, escavacións, naval, forxas etc.), senón tamén polas consecuencias que se poderán xuntar desde o punto de vista da prevención dos riscos laborais a un cómputo obxectivo —o ruído real que está a xerar a actividade empresarial— e, probablemente, o estrés a que se somete os traballadores polo emprego dos medios protectores auditivos, alén da incomodidade que supón portar os devanditos elementos durante toda a xornada laboral. Iso, ademais, parece o máis adecuado tendo en conta o conxunto de medidas tendentes a evitar que se produzan accidentes de traballo e enfermidades profesionais, articuladas pola Lei 31/1995, de 8 de novembro, e a complexísima normativa de desenvolvemento, en particular a relativa á protección auditiva<sup>8</sup>.

<sup>7</sup> Coas consecuencias de xordeira seguintes.

<sup>8</sup> Cfr. GRAU, M. (2005) «La prevención de los riesgos laborales por exposición al ruido en la Directiva 2003/10/CE. Bases para un nuevo reglamento» *Prevención, Trabajo y Salud. Revista del Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo* 36, pp. 29-33.